



BASES SORTEO “CAMPAÑA CULTUREANDO POR RIBEIRA 2025”.

1.-OBJETO E PARTICIPACIÓN

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA pon en marcha un sorteo dirixido a tódolos clientes que merquen e consumen nos establecementos asociados. Os participantes neste sorteo deben ser maiores de idade, sendo a súa participación gratuita e sen contraprestación algunha. O obxectivo fundamental da campaña é incrementar as vendas e incentivar o consumo no pequeno comercio retalista e hostalería de Ribeira.

2.-DURACION E ÁMBITO

A promoción realizarase entre as compras e consumicións feitas desde o día 3 ó 19 de febreiro de 2025. A forma de participar será mercando e consumindo en calquer establecemento socio.

3.-PREMIOS

Os premios serán 10 entradas dobres para asistir as actuacións que se van celebrar no auditorio de Ribeira os días 15 e 22 de febreiro, repartidas da seguinte maneira:

- 5 entradas dobres para ver a actuación REMEMBER QUEEN no auditorio de Ribeira o sábado 15 de febreiro de 2025.
- 5 entradas dobres para ver a actuación ILUSIONISTA DANI POLO – EUFORIA no auditoria de Ribeira, o sábado 22 de febreiro de 2025.

4.-SORTEO

Neste campaña faranse varios sorteos.

Os días 6, 7, 10, 11 e 12 de febreiro farase un sorteo dunha entrada dobre cada día para a actuación de REMEMBRE QUEEN.

Os días 13, 14, 17, 18 e 19 de febreiro farase un sorteo dunha entrada dobre cada día para a actuación de ILUSIONISTA DANI POLO – EUFORIA.

Esta mecánica pode ser modificada a criterio da Directiva a AER en calquer momento.

5.- DINÁMICA E FUNCIONAMENTO

Nesta campaña poderán participar tódolos consumidores maiores de idade, que se rexistren a tal efecto seguindo as indicacións detalladas seguidamente neste apartado, e que realicen unha compra ou consumición por calquera importe nos establecementos asociados a Asociación de

Empresarios de Ribeira, sempre e cando a compra se realice durante as datas de duración da campaña. Isto é, do 3 ao 19 de febreiro de 2025.

Os consumidores participantes **deberán en todo caso conservar o ticket da compra ou consumición realizada, a fin de dispoñer dun xustificante.**

A forma de participar será a seguinte:

1- O consumidor/cliente poderá rexistrarse para participar nesta campaña na pestaña “Sorteos” na web da Asociación de Empresarios de Ribeira www.empresariosriveria.com , efectuando o correspondente rexistro da compra ou consumición realizada, que lle dará dereito a unha participación no sorteo. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra/consumición realizada e o cliente ou consumidor. So poderán facer un rexistro por operación de compra/consumición, e cada operación rexistrada, equivale a unha participación. Cantas máis compras/consumicións fagan nos establecementos participantes, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.

A realización do sorteo terá lugar de xeito telemático mediante un código programado que elixirá aleatoriamente aos agraciados de entre tódolos participantes, ata conseguir os gañadores dos premios.

O consumidor/cliente/usuario rexistrado na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero unha vez agraciado cun premio, xa non poderá optar a ningún máis na mesma edición, podendo obter polo tanto **cada cliente/consumidor un único premio.**

Así mesmo, nesta campaña só poderá saír un premio por establecemento participante.

6.-ACEPTACIÓN

A participación no sorteo conleva a expresa aceptación e sometimento ás Bases do mesmo, así como a autorización para publicar o nome dos gañadores e fotos na páxina web da AER, redes sociais, e medios de prensa escrita local, nacional e internacional sin que elo conleve compensación económica algunha a favor dos agraciados.

Non obstante ó anterior, os interesados poderán en calquera momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e no seu caso, cancelación, previstos na LO 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, mediante comunicación escrita, cos seus datos, dirixida a Asociación de Empresarios de Ribeira, Rosalía de Castro, 13 15960 Ribeira.

AER resérvase o dereito exclusivo de modificar, reemplazar, complementar e/ou rectificar as presentes bases, que serán publicadas.